

Dous. Engádesse unha disposición transitoria segunda coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria segunda. Réxime de adiamentos de pagamentos aos fornecedores do comercio retalista.

O prazo fixado para os produtos frescos e perecedoiros seguirá sendo o xa exigible de 30 días. A limitación máxima de 60 días a que se refire o artigo 17.3 desta lei aplicarase a partir do 1 de xullo de 2006. Entrementres, os adiamentos de pagamento dos produtos de alimentación que non teñan carácter de frescos nin perecedoiros e os produtos de gran consumo non excederán noventa días desde a entrega da mercadoría.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro das competencias que o artigo 149.1.6.^a e 8.^a da Constitución atribúe en exclusiva ao Estado en materia de lexislación mercantil e civil. Non obstante, a disposición derradeira primeira desta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.^a e terá a consideración de norma básica, con excepción da modificación do artigo 169.3 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, que non ten este carácter de norma básica de acordo coa disposición derradeira primeira deste texto legal.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

21831 LEI 4/2004, do 29 de decembro, de modificación de taxas e de beneficios fiscais de acontecementos de excepcional interese público. («BOE» 314, do 30-12-2004.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O contido desta lei abrangue dous tipos de cuestións de diferente natureza: por unha parte, regúlanse no título I normas sobre taxas estatais, que deben ser obxecto de regulación por norma con categoría de lei, de acordo co previsto na normativa básica sobre taxas e prezos públicos e, por outra, recóllense no seu título II os beneficios fiscais aplicables a determinados acontecementos de excepcional interese público, que, así mesmo, deben ser regulados en norma con categoría legal.

II

A normativa sobre taxas, como tributos que se exigen con ocasión da prestación de servizos ou actividades realizados en réxime de dereito público ou por razón da utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, establece que o seu importe debe tender a cubrir o custo dos servizos ou actividades ou, en caso de aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público, deben tomar como referencia o valor de mercado ou a utilidade derivada dun ou outra.

Para manter os principios anteriores, recollidos na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, a Lei de orzamentos xerais do Estado establece para cada exercicio a actualización xeral para as taxas de contía fixa en función do importe do índice de prezos de consumo esperado para o ano seguinte. Esta previsión xeral é suficiente para adecuar os importes da maioría das taxas, pero nalgúns casos en que se produce a prestación de novos servizos ou actividades ou a modificación das condicións en que se prestan, conséntase a necesidade de incluír no custo novos gastos ou, en definitiva, non se trata simplemente de actualizar o seu importe, senón de modificar outros aspectos ou as propias contías como consecuencia doutros parámetros distintos do simple transcurso do tempo. Isto fai imprescindible a súa creación, modificación ou extinción fóra da Lei de orzamentos xerais do Estado, dadas as reducidas marxes de modificación tributaria que para a lei recoñece o artigo 134.7 da Constitución.

Como consecuencia do anterior, esta lei contén as variacións no marco normativo de taxas que non se poden incluír na Lei de orzamentos xerais do Estado, con obxecto de adecuar o seu establecemento e contido ao preceptuado na normativa sobre taxas.

En concreto, establécese a modificación dos artigos 65 e 66 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, que entra en vigor o próximo 1 de xaneiro de 2005, e que regulan a taxa por seguraza no transporte ferroviario de viaxeiros, para incluír naqueles determinados supostos de contratos de transporte habilitantes, fixéndose o método de cálculo da taxa para todos eles. Tamén, respecto á mesma taxa, se regula a constitución dun depósito previo ou o momento do pagamento en determinados contratos de transporte por ferrocarril.

A seguir, mediante a modificación do artigo 27 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, créase unha nova taxa, denominada «taxa pola expedición das tarxetas do aparello de control (tacógrafo dixital) no sector de transporte por estrada». O tacógrafo dixital é un novo dispositivo, impulsado pola Unión Europea, con obxecto de introducir un sistema de control para o transporte por estrada en vehículos de máis de 3.500 kg ou de máis de nove prazas, incluído o condutor, que substitúa o actualmente vixente, que se basea en tacógrafos analóxicos.

Así mesmo, modifícase o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo. En primeiro lugar, suprímese a taxa por inscrición catastral, ao considerar que supón un atranco para os interesados cumpriren coa súa obriga de inscribir os seus inmobles, o que dificulta o cumprimento das finalidades do catastro. A isto engádesse a decidida vontade do catastro por fomentar o uso das novas tecnoloxías, o que determinou a incorporación, mediante a Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, da exención da taxa por inscrición nos supostos de presentación das declaracións mediante o programa informático de axuda para a presentación das declaracións catastrais (PADECA). En segundo lugar, modifícase a taxa de acreditación catastral para adecuala aos servizos que dan lugar a ela, así como

os importes das tarifas, para cubrir os custos de prestación do servizo.

Modifícase, a seguir, a taxa polos servizos de expedición de certificados de seguranza radioeléctrica, que segundo o número 32 do anexo do número sete do artigo 12 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificado polo artigo 25 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, recolle como taxas notificadas pola Administración as taxas que son obxecto deste artigo.

A experiencia demostrou que o sistema vixente non deu os resultados apetecidos, en especial polo que se refire aos interesados, polo que se cambia a xestión da taxa que pasa de ser «notificada» a ser «autoliquidable».

Modifícase, así mesmo, a taxa por prestación de servizos e realización de actividades en materia de navegación aérea, con obxecto de adecuala á aplicación do Regulamento (CE) n.º 2042/2003 da Comisión, do 20 de novembro de 2003, e á proposta de emenda ao Regulamento (CE) n.º 3922/91 do Consello, do 16 de decembro de 1991, e, por outra parte, para esclarecer o feito impositivo da tarifa cuarta, que ao estar formulado de forma xeneralista induce a erro sobre a súa aplicabilidade, polo que requiren unha maior especificación da actividade formulada.

Créase a taxa exixible pola expedición, referendo e renovación do Certificado Internacional de Protección do Buque, con obxecto de acreditar que existe un procedemento operativo para facer fronte a actos ilícitos, sinaladamente, o terrorismo. Por tanto, está enfocada para comprobar se o buque está adecuadamente protexido («security»), de acordo co previsto no Convenio internacional para a seguranza da vida humana no mar de 1974, emendado o 12 de decembro de 2002 mediante Resolución 1 da Conferencia dos Gobernos contratantes do Convenio internacional para a seguranza da vida humana no mar, (SOLAS), publicado no «Boletín Oficial del Estado» número 98, do 22 de abril de 2004, e cuxa entrada en vigor foi o 1 de xullo de 2004, e no Regulamento (CE) n.º 725/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, relativo á mellora da protección dos buques e das instalacións portuarias. Este regulamento entrou en vigor, na súa maior parte, o 1 de xullo de 2004.

Modifícanse varias epígrafes da taxa polos servizos de inspección e control da mariña mercante para adecuar a normativa española nesta materia ao acordado o 5 de outubro de 2001, nunha conferencia diplomática (Conferencia AFS) celebrada baixo os auspicios da Organización Marítima Internacional (OMI), na cal se adoptou o Convenio internacional sobre o control dos sistemas antiincrustantes prexudiciais nos buques (Convenio AFS), ao previsto no anexo VI, «Regulamentos para previr a contaminación atmosférica ocasionada polos buques», do Convenio internacional para previr a contaminación polos buques 73/78 (MARPOL 73/78), e ao anexo IV, «Regulamentos para previr a contaminación polas augas sucias dos buques», do mesmo convenio.

A seguir, actualízanse os importes das taxas exixibles pola entidade Aeroportos Españóis e Navegación Aérea, co fin de conseguir un maior equilibrio entre ingresos e gastos de modo que se consiga unha maior estabilidade orzamentaria, evitando o déficit entre os ingresos e os gastos desa entidade.

Ademais, establécese a exoneración da taxa de aproximación aos voos de aeronaves militares, de policía e de alfándegas, ao tratarse de «aeronaves de Estado», segundo os criterios internacionais, en concreto o artigo 3 do Convenio Internacional de Aviación Civil, Chicago 1944, que dispón que «se consideran aeronaves de Estado as utilizadas en servizos militares, de alfándegas ou de policía».

Así mesmo, modifícase a regulación das taxas da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanita-

rios, creada polo artigo 89 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, establecendo no artigo 93.c), parágrafo primeiro, que os recursos económicos da Axencia estarán integrados polas taxas e outros ingresos dimanantes da súa actividade.

O artigo 35 do estatuto da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios, aprobado polo Real decreto 520/1999, do 26 de marzo, establece no seu número 3 as taxas que integran os recursos económicos da Axencia. Estas taxas corresponden á totalidade das epígrafes comprendidas nos grupos I ao VII, ambos inclusive, e o grupo IX do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento. Así mesmo, débese incluír o grupo VIII, do mesmo artigo 117, que pasou a formar parte dos recursos da Axencia coa entrada en vigor da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.

O artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, actualizouse repetidas veces. As últimas actualizacións foron mediante o artigo 14 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, e o artigo 23 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, ambas de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

O tempo transcorrido desde a súa creación constatou, a pesar das actualizacións realizadas, que non se cobren os custos de prestación dos servizos e actividades da Axencia, cando, segundo o principio de equivalencia establecido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, as taxas tenderán a cubrir o custo do servizo ou da actividade que constitúa o seu feito impositivo. En desenvolvemento de tal principio, o artigo 19.3 da citada lei establece que «para a determinación do importe se tomarán en consideración os custos directos ou indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado, e, se é o caso, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización se exixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento con cargo ao cal se satisfagan.

As taxas exixidas pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios son sensiblemente inferiores ás taxas exixidas por outras axencias equivalentes no ámbito da Unión Europea, e isto é así porque as taxas establecidas en España non responden ao custo real do servizo que esta axencia presta á industria, polo que é imprescindible modificar as súas contías para achegalas ao importe do custo de prestación dos servizos.

Tamén se modifica o número 1 do artigo 67 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, en dúas das súas alíneas:

A alínea c) recolle, a partir de agora, todas as taxas por probas e controis oficiais previos á exportación establecidos no artigo 12.2 da citada lei.

A alínea d) cambia o seu contido e agora recolle as taxas pola inspección fitosanitaria á importación de determinados vexetais e produtos vexetais.

En vista de que os custos dos servizos de inspección que realiza o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en virtude do artigo 12.2 da Lei de sanidade vexetal son inferiores ao valor das taxas vixentes, realizouse un estudo de custos por tramos de superficie. Ademais, engadiuse un novo punto 5 nos puntos C1 e C2, como consecuencia da aprobación da norma internacional de medidas fitosanitarias «Directrices para regulamentar a embalaxe de madeira utilizada no comercio internacional» da FAO (Organización de Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación), que exixe que o material de embalaxe vaia marcado cun número de rexistro que identifica o que fabricou a embalaxe e garante que ese material de embalaxe cumpre as exixencias expresadas nesa norma. O control debe ser oficial.

Por outra parte, a Directiva 2002/89/CE do Consello, do 28 de novembro de 2002, que modifica a Directiva 2000/29/CE, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, no seu artigo 13 quíntos, número 2, establece a obrigatoriedade de repercutir os gastos da inspección fitosanitaria dos vexetais, produtos vexetais e obxectos conexos, procedentes de terceiros países, que estean incluídos no anexo V, parte B da Directiva 2000/29/CE do Consello, para a súa introdución no ámbito territorial da Unión Europea. Esta taxa será de obrigado cumprimento para os Estados membros a partir do 1 de xaneiro de 2005, polo que debe ser incorporada ao ordenamento xurídico interno antes da data.

Modifícanse os puntos 3 e 5 do número 3, «Taxas por reserva do dominio público radioeléctrico», do anexo I da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións; canto ao punto 3, para evitar posibles confusións ou interpretacións equívocas, é conveniente aclarar que o 75 por cento establecido no punto 3 constitúe o tope máximo de redución, cuxo establecemento corresponde á Lei de orzamentos xerais do Estado, como sinala o dito número.

Polo que respecta ao punto 5 cómpre establecer máis claramente o momento do devengo e da obriga do pagamento da taxa por reserva do dominio público radioeléctrico do ano inicial en que se produce o outorgamento do título habilitante, co fin de que nos supostos en que se produza a falta de pagamento da taxa inicial, se poida iniciar a vía de constrinximento para a súa recadación dado que xa naceu a obriga de pagamento.

Así mesmo, créase a taxa por replanteo de liñas límite xurisdicionais, cuxo feito imponible está constituído pola actividade de replanteo de liñas límite xurisdicionais de termos municipais con base en traballos de campo realizados para tal efecto, así como na documentación de actas e cadernos de campo depositados no Arquivo do Instituto Xeográfico Nacional.

Por último, introdúcese un novo número 5 no artigo 19 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, en que se prevé a actualización da contía das taxas pola Lei de orzamentos xerais do Estado, pois que o artigo 134.7 da Constitución exige unha lei tributaria substantiva que prevexa a modificación dos tributos na Lei de orzamentos xerais do Estado. Aínda que existe unha previsión nese sentido na disposición derradeira segunda da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, para as taxas recollidas na propia lei e se contempla de forma puntual para outras establecidas con posterioridade, resulta conveniente facer unha previsión xenérica nese sentido, máxime pola oportunidade de adaptar as contías de tales tributos ás oscilacións do custo dos servizos e actividades e dos valores de mercado ou utilidades derivadas da utilización privada ou aproveitamento especial do dominio público, con obxecto de materializar os principios de equivalencia e beneficio, regulados na normativa das taxas, mediante a actualización anual do seu importe.

Ademais, refúndese ou actualízase o réxime xurídico da taxa por prestación de servizos de control metroloxico e para isto incorpóranse e adécuanse os distintos servizos que, en materia de metroloxía, presta o Centro Español de Metroloxía.

III

A Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, regula no seu artigo 27 os programas de apoio a acontecementos de excepcional interese público e, en particular, o conxunto de incentivos fiscais especi-

ficos aplicables ás actuacións que se realicen para asegurar o adecuado desenvolvemento de tales acontecementos.

Así mesmo, no citado artigo establécese que eses acontecementos se deben determinar por lei, e que esta deberá regular, ao menos, a duración do programa de apoio, a creación dun consorcio ou a designación dun órgano administrativo que se encargue da execución do programa e das certificacións de gastos e investimentos, as liñas básicas das actuacións que se organicen en apoio do acontecemento e os beneficios fiscais aplicables a esas actuacións.

Nesta materia, inclúese unha modificación da disposición derradeira primeira da lei referida coa finalidade de habilitar a Lei de orzamentos xerais do Estado para regular os programas de apoio aos acontecementos de excepcional interese público que poidan recoñecerse no futuro, de forma que poidan concretarse na citada lei de orzamentos os puntos a que se refire o número 2 do artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro. A evidente vinculación coa previsión de ingresos e beneficios fiscais que anualmente contén a Lei de orzamentos xerais do Estado xustifica a incorporación a esta do recoñecemento destes acontecementos e a fixación dos aspectos relativos á súa duración e aos órganos de control da execución dos programas en que se concreten aqueles.

Ademais, esta lei dá cumprimento ao mandado contido na Lei 49/2002, do 23 de decembro, e recolle a regulación do programa de apoio á celebración do 250.º aniversario da finalización da construción da Praza Maior de Salamanca, denominado «Salamanca 2005. Praza Maior de Europa», e que, dada a súa transcendencia, se considerara como de excepcional interese público.

Finalmente, modifícase o réxime fiscal do acontecemento «Copa América 2007», contido na disposición adicional trixésimo cuarta da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa finalidade de facelo máis operativo, introducindo algunhas melloras técnicas, que se concretan en exonerar da obriga de matriculación en España das embarcacións e buques de recreo ou de deportes náuticos que se utilicen no desenvolvemento dese acontecemento.

Así mesmo, de acordo coa Comunidade Valenciana e por solicitude desta, establécese a non suxeición ao imposto sobre sucesións e doazóns das adquisicións «mortis causa» e as cantidades percibidas polos beneficiarios de seguros de vida, cando o habente causa ou beneficiario adquirise a residencia en España como consecuencia do seu desprazamento a este territorio con motivo da celebración do mencionado evento. Esta modificación, complementaria das que poida establecer a normativa desa comunidade autónoma en relación co imposto sobre o patrimonio e co imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, está xustificada na circunstancia de que a aplicación da previsión contida no número 5 do artigo 24 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, que regula as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, determina que pode resultar aplicable a normativa do Estado naqueles casos en que o causante ou o donatario non tivese a súa residencia habitual na comunidade autónoma correspondente durante os cinco anos anteriores que finalicen o día anterior ao de devengo. Por isto se fai necesario establecer a medida nunha norma estatal.

Por outro lado, considérase que nas actuacións encamiñadas a asegurar o adecuado desenvolvemento do acontecemento «Galicia 2005. Volta ao Mundo a Vela» (Volvo Ocean Race), que se realizará nas costas da Comunidade Autónoma de Galicia, pola importancia deste evento no ámbito deportivo internacional e os seus efectos económicos, mediáticos e sociais, concorren as cir-

cunstancias necesarias para a súa declaración como de excepcional interese público e aplicar tamén os beneficios fiscais máximos previstos no art. 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Outórgase unha nova prórroga para concluír o inventario xeral de bens das institucións eclesiásticas, para garantir así a súa protección.

Amplíase o prazo de duración do acontecemento «IV Centenario da primeira edición do Quixote» até o 30 de xuño de 2006, co que se posibilita a obtención de máis recursos provenientes do sector privado para o financiamento das actividades dese centenario.

TÍTULO I

Taxas

Artigo primeiro. *Modificación da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.*

A Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase a alínea e) do artigo 65.5, que queda redactada como segue:

«e) Naqueles contratos de transporte habilitantes para realizar un número indeterminado de viaxes en dous ou máis medios, a contía da taxa será o produto de multiplicar 0,20 euros polo número de meses de validez do título. Se a validez do título for inferior a un mes, a contía da taxa será o produto de multiplicar 0,02 euros polo número de días de validez do título. Naqueles contratos de transporte habilitantes para realizar un número determinado de viaxes en dous ou máis medios, a contía da taxa será 0,02 euros para aqueles títulos de transporte que habiliten para a realización de 10 viaxes ou menos; e para aqueles títulos habilitantes para a realización de máis de 10 viaxes, a contía da taxa será o produto de multiplicar 0,20 euros polo número de meses ou por fracción de mes de validez do título.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 66, que queda redactado como segue:

«2. De forma simultánea á celebración do contrato de transporte ou de arrendamento, deberá constituírse un depósito previo equivalente ao importe desta taxa por parte do suxeito pasivo. Para aqueles contratos celebrados mediante venda a crédito ao abeiro dun convenio, a liquidación e pagamento da taxa será realizada polo suxeito pasivo substituído do contribuínte nas condicións e prazos previstos no convenio pactado.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

O actual número catro do artigo 27 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, pasa a ser o número cinco, e engádese un novo número catro coa seguinte redacción:

«Catro. Taxa pola expedición das tarxetas do aparello de control (tacógrafo dixital) no sector do transporte por estrada.

1. Feito imponible. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación pola Administración competente en materia de ordenación dos transportes por estrada dos servizos e actuacións inherentes á expedición das tarxetas do aparello de control (tacógrafo

dixital) correspondentes aos condutores, ás empresas e aos talleres autorizados para a instalación e calibración do aparello mencionado.

2. Devengo. A obriga do pagamento da taxa nacerá no momento en que se presente a solicitude de expedición das tarxetas do aparello de control (tacógrafo dixital), actuación que non se iniciará nin tramitará sen que se efectuase o pagamento correspondente.

3. Suxeito pasivo. Estarán obrigadas ao pagamento da taxa as persoas físicas ou xurídicas, incluídas as entidades a que se refire o número 4 do artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten a expedición das tarxetas do aparello de control dos tempos de conducción e descanso no sector do transporte por estrada (tacógrafo dixital).

4. Tarifa. Os servizos e actuacións administrativas cuxa prestación constitúe o feito imponible da taxa ficarán gravados da seguinte maneira:

Expedición das tarxetas do aparello de control (tacógrafo dixital) para o sector do transporte por estrada. Por tarxeta: 25 euros.»

Artigo terceiro. *Modificación do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2005, suprímese a taxa por inscrición catastral e modifícase o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, nos seguintes termos:

Un. Suprímese a división en capítulos do título VII, que pasa a denominarse «Da taxa de acreditación catastral».

Dous. O artigo 66 modifícase nos seguintes termos:

«Artigo 66. *Produtos e tarifas.*

1. A contía da taxa de acreditación catastral será:

a) Por certificacións catastrais literais: 4 euros por cada documento expedido, que se incrementará en 4 euros por cada un dos bens inmobles a que se refira o documento.

b) Por certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a un inmovible, a contía será de 15,50 euros por documento expedido. Cando as certificacións descritivas e gráficas incorporen, por petición do interesado, datos doutros inmobles, a contía incrementárase en 4 euros por cada inmovible.

2. A contía da taxa polas certificacións a que se refire o número anterior incrementárase en 39 euros cando incorporen algún dato referido a unha data anterior en máis de cinco anos ao momento da solicitude.

3. Non obstante, por cada un dos documentos que especificamente se relacionan as contías da taxa serán as seguintes:

a) Ortofotografías en papel fotográfico ou diapositiva: 39 euros/unidade.

b) Ortofotografías en papel opaco: 15,50 euros/unidade.

c) Ortofotografías en soporte dixital: 39 euros/unidade.

d) Fotografía aérea en positivo por contacto: 11,75 euros/unidade.

e) Fotografía aérea en papel opaco: 7,75 euros/unidade.

f) Cartografía en papel opaco DIN A3 ou DIN A4: 7,75 euros/unidade.

g) Cartografía en papel opaco en tamaño superior a DIN A3: 15,50 euros/unidade.

h) Cartografía en papel reproducible: 39 euros/unidade.

i) Cartografía dixitalizada de bens inmobles urbanos e de características especiais: 4 euros/hectárea.

j) Cartografía dixitalizada de bens inmobles urbanos e de características especiais para a súa transformación e distribución: 0,50 euros/hectárea por cada copia que se autorice para distribuír.

k) Cartografía dixitalizada de bens inmobles rústicos: 0,25 euros/hectárea.

l) Cartografía dixitalizada de bens inmobles rústicos para a súa transformación e distribución: 0,04 euros/hectárea por cada copia que se autorice para distribuír.

m) Información alfanumérica en formato dixital estandarizado: 60 euros/municipio, máis 0,0006 euros/registro.

n) Expedición de copias de información non gráfica de expedientes: 0,50 euros/folla.

4. Cando a obtención do produto solicitado requira procesar información catastral mediante procedementos informáticos non estandarizados ou distintos dos adecuados para a obtención dos produtos descritos no número anterior, a contía da taxa determinarase por agregación dos seguintes compoñentes:

a) Contía que resulte das tarifas expresadas nas alíneas i), j), k), l) e m).

b) Por cada hora de programación necesaria para a realización da consulta: 60 euros. Esta contía ratearase por minutos.

c) Por cada rexistro procesado: 0,0006 euros.

Estes produtos subministraranse sempre en soporte magnético.»

Tres. Os artigos 67, 68 e 69 modifícanse nos seguintes termos:

«Artigo 67. *Liquidación.*

A taxa de acreditación catastral será obxecto de liquidación pola Dirección Xeral do Catastro ou as xerencias e subxerencias do Catastro.

Artigo 68. *Xestión.*

A xestión da taxa de acreditación catastral corresponde á Dirección Xeral do Catastro ou ás xerencias e subxerencias do Catastro que expidan as certificacións ou os documentos.

Artigo 69. *Pagamento.*

O pagamento da taxa realizarase en efectivo polo procedemento establecido na normativa que regula a xestión recadatoria das taxas da Facenda pública, e deberá xustificarse no momento da entrega do documento acreditativo solicitado polo suxeito pasivo.»

Artigo cuarto. *Taxa polos servizos de expedición de certificados de seguranza radioeléctrica.*

Un. Créase a taxa por expedición de certificados de seguranza radioeléctrica, que se rexerá por esta lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Dous. Constitúe o feito imponible da taxa a inspección e a emisión dos certificados de seguranza radioeléctrica, así como a expedición ou renovación de licenza de

estación de barco e a asignación do número de identificación do servizo móbil marítimo.

Tres. Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a prestación de servizos que constitúen o seu feito imponible.

Catro. O devengo da taxa producirase no momento en que se presente a solicitude que motive o servizo, que non se tramitará sen que se efectuase o pagamento correspondente, logo da oportuna autoliquidación polo obrigado tributario.

O pagamento da taxa realizarase en efectivo mediante ingreso a través das entidades de depósito que presten o servizo de colaboración na xestión recadatoria tributaria, conforme as normas establecidas polo Ministerio de Economía e Facenda.

Cinco. As contías da taxa serán as seguintes:

a) Certificado de seguranza radioeléctrica para buques non acollidos ao Sistema Mundial de Socorro e Seguranza Marítimos [(buques n (GMDSS)]: 77,45 euros.

b) Certificado de seguranza radioeléctrica para buques GMDS, zona A1: 77,45 euros.

c) Certificado de seguranza radioeléctrica para buques GMDS, zona A2: 96,57 euros.

d) Certificado de seguranza radioeléctrica para buques GMDS, zona A3: 128,41 euros.

e) Certificado de seguranza radioeléctrica para buques GMDS, zona A4: 128,41 euros.

f) Expedición ou renovación de licenza de estación de barco (LEB): 44,57 euros.

g) Asignación de número de identificación do servizo móbil marítimo: 44,57 euros.

Artigo quinto. *Taxa por prestación de servizos e realización de actividades en materia de navegación aérea.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2005, o artigo 22 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificada pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modifícase nos seguintes termos:

Un. O texto relativo a determinadas tarifas do número dous do artigo 22 queda redactado como segue:

«Tarifa segunda. Expedición, renovación, mantemento de validez de aprobación e modificación de licenza de centros de mantemento de aeronaves.

Tarifa terceira. Expedición, renovación, mantemento de validez de aprobación e modificación do certificado de declaración de competencia para operadores aéreos (AOC).

Tarifa cuarta. Expedición de autorizacións especiais relacionadas coa operación (MNPS, PRNAV, BRNAV, CATII/III, RVSM, RNP 10 e ETOPS).»

Dous. O texto que precede as contías da tarifa segunda do número catro do artigo 22 queda redactado como segue:

«b) Nos supostos de expedición, renovación, mantemento de validez de aprobación e modificación de licenza de centros de mantemento de aeronaves.»

Tres. O texto que precede as contías da tarifa terceira do número catro do artigo 22 queda redactado como segue:

«b) Nos supostos de expedición, renovación, mantemento de validez de aprobación e modificación do certificado de declaración de competencia para operadores aéreos (AOC).»

Artigo sexto. *Taxa exigible pola expedición, referendo e renovación do Certificado Internacional de Protección do Buque.*

Un. A taxa exigible pola expedición, referendo e renovación do Certificado Internacional de Protección do Buque rexeráse por esta lei e polas demais fontes normativas previstas no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Dous. Constitúe o feito imponible da taxa a avaliación e emisión do correspondente Certificado Internacional de Protección do Buque.

Tres. Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a prestación de calquera dos servizos que constitúen o seu feito imponible.

Catro. O devengo da taxa producirase cando se presente a solicitude que inicie o expediente, que non se realizará nin tramitará sen que se efectuase o pagamento correspondente.

Cinco. A contía da taxa será a seguinte:

a) Por expedición ou renovación do certificado: 140,00 euros.

b) Por referendo do certificado: 49,00 euros.

Seis. A taxa será obxecto de autoliquidación polos suxeitos pasivos, de acordo cos modelos que se aproben, e o seu pagamento realizarase en efectivo mediante ingreso en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Economía e Facenda.

Sete. A xestión da taxa será levada a cabo pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, do Ministerio de Fomento.

Artigo sétimo. *Taxa polos servizos de inspección e control da Mariña Mercante.*

O anexo do número sete do artigo 12 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificado polo artigo 25 un da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modifícase nos seguintes termos:

Un. Créanse os seguintes números:

«41. Certificado internacional relativo ao sistema antiincrustante. Importe: 100 euros.

42. Certificado internacional de prevención da contaminación atmosférica (IAPP), 10 por cento do importe do certificado de navegabilidade.

43. Certificado internacional de prevención da contaminación por augas sucias, 10 por cento do importe do certificado de navegabilidade.»

Dous. Engádesse unha nota 5 coa seguinte redacción:

«Nota 5. No caso dos certificados en que a contía da taxa se estableza a través dunha escala, o importe determinarase sumando todos os percorridos da escala até chegar ao intervalo que corresponda.»

Artigo oitavo. *Taxas de aeroportos españois e navegación aérea.*

Un. Modifícanse o número dous.4 e o número sete do artigo 22 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que quedan redactados como segue:

«Dous. 4. Os voos de aeronaves militares, de alfándegas e policía españolas.»

«Sete. As tarifas unitarias a partir do día 1 de xaneiro do ano 2005 serán:

Os aeroportos de Madrid Barajas, Barcelona, Gran Canaria, Málaga, Palma de Mallorca, Tenerife Sur, Alicante, Lanzarote, Sevilla, Valencia, Menorca, Ibiza, Bilbao, Fuerteventura e Tenerife Norte: 4,413547 euros.

Os aeroportos de Santiago, Almería, Asturias, Girona, Granada, Jerez, A Coruña, La Palma, Reus e Vigo: 3,972191 euros.

Os aeroportos de Santander, Zaragoza, El Hierro, La Gomera, Madrid Cuatro Vientos, Melilla, Pamplona, Donostia San Sebastián, Vitoria Gasteiz, Badajoz, Murcia San Javier, Valladolid, Salamanca, Sabadell, León, Logroño Agoncillo, Albacete, Madrid Torrejón e o resto dos aeroportos xestionados polo ente público Aeroportos Españóis e Navegación Aérea non incluídos nos números anteriores: 3,310161 euros.

A presente clasificación poderá ser modificada polo Ministerio de Fomento en función do tráfico que os aeroportos soporten.»

Dous. As taxas aplicables durante o exercicio en que os aeroportos incrementasen a súa categoría terán durante ese exclusivo exercicio un incremento do 50% do que lles correspondería por ese incremento de categoría.

Tres. A taxa de aterraxe regulada no artigo 11 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; as tarifas da taxa por prestación de servizos e utilización do dominio público aeroportuario regulada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, incluída a tarifa H modificada pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, e a taxa de seguraza regulada na Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, elevaranse até a contía que resulte da aplicación do coeficiente 1,03 ás contías exigibles durante o ano 2004.

Artigo noveno. *Taxas do Ministerio de Sanidade e Consumo e da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios.*

O número 1 do artigo 117, «Contía», da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícanse as cantidades relativas ás taxas correspondentes á totalidade das epígrafes comprendidas nos grupos I ao IX, ambos inclusive, do número 1:

«Grupo I. Especialidades farmacéuticas de uso humano

Epígrafe	Descrición	Euros 2005
1.01	Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica xenérica.	7.562,01

Epígrafe	Descrición	Euros 2005
1.02	Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica publicitaria.	7.562,01
1.03	Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica distinta á establecida nas epígrafes 1.1 e 1.2.	18.590,25
1.04	Procedemento de transmisión da titularidade da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica.	631,68
1.05	Procedemento de modificación da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica, definida como de "importancia maior" no Regulamento (CE) n.º 1084/2003 da Comisión, do 3 de xuño de 2003, relativo ao exame das modificacións dos termos das autorizacións de comercialización de medicamentos para uso humano e medicamentos veterinarios concedidas pola autoridade competente dun Estado membro (incluídas as modificacións que de acordo co anexo II do citado regulamento requiren a presentación dunha nova solicitude de autorización de comercialización).	6.385,72
1.06	Procedemento de modificación da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica, definida como de "importancia menor" no Regulamento (CE) n.º 1084/2003 da Comisión, do 3 de xuño de 2003, relativo ao exame das modificacións dos termos das autorizacións de comercialización de medicamentos para uso humano e medicamentos veterinarios concedidas pola autoridade competente dun Estado membro.	1.120,03
1.07	Procedemento de validación quinquenal da autorización de comercialización de especialidade farmacéutica.	2.100,43
1.08	Presentación de declaración anual simple de intención de comercializar unha especialidade farmacéutica xa autorizada.	107,76
1.09	Procedemento de autorización para a "importación paralela" dunha especialidade farmacéutica.	662,50
1.10	Procedemento de modificación da autorización para a "importación paralela" dunha especialidade farmacéutica.	328,60
1.11	Procedemento de validación quinquenal da autorización para a "importación paralela" dunha especialidade farmacéutica.	328,60
1.12	Expedición de certificado europeo de liberación de lote para vacinas e hemoderivados de uso humano cando se require a análise dun granel e dunha especialidade farmacéutica.	662,50
1.13	Expedición de certificado europeo de liberación de lote para vacinas e hemoderivados de uso humano cando se require a análise dunha especialidade farmacéutica.	328,60

Grupo II. Medicamentos de plantas medicinais

Epígrafe	Descrición	Euros 2005
2.01	Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica a base de plantas medicinais.	7.562,01
2.02	Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dun produto fitotradicional (plantas tradicionalmente consideradas como medicinais) con mestura de especies vexetais.	556,50
2.03	Procedemento de transmisión da titularidade da autorización de comercialización dun medicamento de plantas medicinais.	423,60
2.04	Procedemento de modificación da autorización de comercialización dun medicamento de plantas medicinais.	1.120,03
2.05	Procedemento de validación quinquenal da autorización de comercialización dun medicamento de plantas medicinais.	1.406,83
2.06	Presentación de declaración anual simple de intención de comercializar un medicamento de plantas medicinais xa autorizado.	82,46
2.07	Presentación de notificación previa á comercialización dun produto fitotradicional (plantas tradicionalmente consideradas como medicinais) cunha soa especie vexetal.	318,00

Grupo III. Medicamentos homeopáticos

Epígrafe	Descrición	Euros 2005
3.01	Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica homeopática.	7.562,01
3.02	Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dun medicamento homeopático sen indicación terapéutica aprobada.	551,20
3.03	Procedemento de transmisión da titularidade da autorización de comercialización dun medicamento homeopático.	423,60

Epígrafe	Descrición	Euros 2005
3.04	Procedemento de modificación da autorización de comercialización dun medicamento homeopático.	1.120,03
3.05	Procedemento de validación quinquenal da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica homeopática.	1.406,83
3.06	Procedemento de revalidación quinquenal da autorización de comercialización dun medicamento homeopático sen indicación terapéutica aprobada.	275,60
3.07	Presentación de declaración anual simple de intención de comercializar un medicamento homeopático xa autorizado.	82,46

Grupo IV. Gases medicinais

Epígrafe	Descrición	Euros 2005
4.01	Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dun gas medicinal.	7.562,01
4.02	Procedemento de transmisión da titularidade da autorización de comercialización dun gas medicinal.	423,60
4.03	Procedemento de modificación da autorización de comercialización dun gas medicinal.	1.120,03
4.04	Procedemento de validación quinquenal da autorización de comercialización dun gas medicinal.	1.406,83
4.05	Presentación de declaración anual simple de intención de comercializar un gas medicinal xa autorizado.	82,46

Grupo V. Investigación clínica

Epígrafe	Descrición	Euros 2005
5.01	Procedemento de cualificación dun produto de uso humano en fase de investigación clínica.	3.683,52
5.02	Procedemento de autorización ou presentación de notificación de ensaios clínicos con medicamentos de uso humano.	100,70
5.03	Procedemento de cualificación dun produto de uso veterinario en fase de investigación clínica.	127,20
5.04	Procedemento de autorización ou presentación de notificación de ensaios clínicos con medicamentos de uso veterinario.	100,70

Grupo VI. Laboratorios farmacéuticos

Epígrafe	Descrición	Euros 2005
6.01	Procedemento de autorización de apertura dun laboratorio farmacéutico.	4.487,40
6.02	Presentación de notificación de transmisión da titularidade dun laboratorio farmacéutico ou de cambio de denominación, sede social ou representante legal.	127,20
6.03	Procedemento de modificación da autorización de apertura de laboratorio farmacéutico, previsto no artigo 73 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento.	4.487,40
6.04	Actuacións inspectoras individualizadas a petición de parte, salvo nos supostos de denuncia ou por petición dunha asociación de usuarios ou consumidores representativa.	4.487,40
6.05	Procedemento de autorización de fabricación de medicamentos aprobados noutros países e non rexistrados en España.	158,36

Grupo VII. Certificacións e informes

Epígrafe	Descrición	Euros 2005
7.01	Expedición dunha certificación.	127,20
7.02	Avaliación e informe científico sobre calidade, seguranza e eficacia dun medicamento de uso humano ou veterinario, por petición do interesado, durante as etapas da súa investigación e desenvolvemento, ou para iniciar un procedemento de recoñecemento mutuo.	3.787,53
7.03	Outros asesoramentos científicos non previstos na epígrafe 7.2.	318,00

Grupo VIII. Produtos sanitarios, cosméticos e produtos de hixiene

Epígrafe	Descrición	Euros 2005
8.1.000	Procedemento de declaración especial de cosméticos.	437,45
08.02.000	Procedemento de rexistro e autorización individualizada para produtos de hixiene e desinfectantes.	437,45
08.03.000	Procedemento de rexistro, inscrición e homologación de produtos sanitarios.	437,45
08.04.000	Procedemento de rexistro sanitario de implantes clínicos e reactivos de diagnóstico de virus Retroviridae.	722,45
08.05.000	Procedemento de modificación e validación de produtos de hixiene, desinfectantes e produtos sanitarios.	152,44
08.06.000	Procedemento de expedición dunha certificación.	132,55
08.07.001	Procedemento de licenza previa de funcionamento de establecementos de produtos cosméticos, dentífricos e de hixiene e desinfectantes: establecemento de fabricación.	642,92
08.07.002	Procedemento de licenza previa de funcionamento de establecementos de produtos cosméticos, dentífricos e de hixiene e desinfectantes: establecemento de importación.	331,41
08.08.001	Procedemento de modificación da licenza previa de funcionamento de establecementos de produtos cosméticos, dentífricos e de hixiene e desinfectantes no referente á súa localización: establecemento de fabricación.	642,92
08.08.002	Procedemento de modificación da licenza previa de funcionamento de establecementos de produtos cosméticos, dentífricos e de hixiene e desinfectantes no referente á súa localización: establecemento de importación.	331,41
08.09.000	Procedemento de modificación da licenza de funcionamento de establecementos de produtos cosméticos, dentífricos e de hixiene e desinfectantes.	152,44
08.10.000	Procedemento de autorización de confidencialidade de ingredientes cosméticos.	437,45
08.11.001	Procedemento de licenza previa de funcionamento de produtos sanitarios: establecemento de fabricación, agrupación.	642,92
08.11.002	Procedemento de licenza previa de funcionamento de produtos sanitarios: establecemento de importación.	331,41
08.12.001	Procedemento de modificación da licenza previa de funcionamento de establecementos de produtos sanitarios no referente á súa localización: establecemento de fabricación, agrupación.	642,92
08.12.002	Procedemento de modificación da licenza previa de funcionamento de establecementos de produtos sanitarios no referente á súa localización: establecemento de importación.	331,41
08.13.000	Procedemento de modificación da licenza previa de funcionamento de establecementos de produtos sanitarios.	152,44
08.14.001	Procedemento de validación da licenza de establecementos de produtos sanitarios, cosméticos, desinfectantes e produtos de hixiene: establecemento de fabricación.	463,96
08.14.002	Procedemento de validación da licenza de establecementos de produtos sanitarios, cosméticos, desinfectantes e produtos de hixiene: establecemento de importación.	285,01
08.15.000	Autorización de investigacións clínicas.	258,49
08.16.000	Informe de avaliación de substancia medicinal incorporada nun produto sanitario.	1.325,61
08.17.000	Avaliación de expedientes de certificación da marcación «CE» de produtos sanitarios pertencentes á mesma familia, por sistema completo de garantía de calidade.	4.544,85
08.18.000	Avaliación de expedientes de certificación da marcación «CE» de produtos sanitarios por exame «CE» de tipo, combinado con garantía de calidade da produción, verificación «CE» ou garantía de calidade do produto.	795,36
08.19.000	Avaliación de expediente de certificación da marcación «CE» de produtos sanitarios pertencentes á mesma familia, por declaración «CE» de conformidade combinada con garantía de calidade da produción, verificación «CE» ou garantía de calidade de produto.	662,81
08.20.000	Avaliación de expediente de certificación da marcación «CE» de produtos sanitarios por exame «CE» de deseño.	1.458,18
08.21.000	Auditoría inicial conforme sistema completo de garantía de calidade.	2.651,24
08.22.000	Auditoría inicial conforme garantía de calidade da produción.	2.120,99
08.23.000	Auditoría inicial conforme garantía de calidade do produto.	1.325,61
08.24.000	Auditorías de seguimento e de prórroga da certificación da marcación «CE».	1.590,75
08.25.000	Auditorías a local suplementario e de repetición.	636,30
08.26.000	Modificación de datos administrativos na certificación da marcación «CE».	132,55
08.27.000	Prórrogas das certificacións da marcación «CE».	132,55

Grupo IX. Especialidades farmacéuticas de uso veterinario

Epígrafe	Descrición	Euros 2005
9.01	Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica de uso veterinario, esencialmente similar.	3.781,00
9.02	Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica de uso veterinario distinta da prevista na epígrafe 9.01	9.295,12
9.03	Procedemento de transmisión da titularidade da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica de uso veterinario.	631,68
9.04	Procedemento de modificación da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica de uso veterinario, definida como de «importancia maior» no Regulamento (CE) n.º 1084/2003 da Comisión, do 3 de xuño de 2003, relativo ao exame das modificacións dos termos das autorizacións de comercialización de medicamentos para uso humano e medicamentos veterinarios concedidas pola autoridade competente dun Estado membro (incluídas as modificacións que de acordo co anexo II do citado regulamento requiren a presentación dunha nova solicitude de autorización de comercialización).	3.192,86
9.05	Procedemento de modificación da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica de uso veterinario, definida como de «importancia menor» no Regulamento (CE) n.º 1084/2003 da Comisión, do 3 de xuño de 2003, relativo ao exame das modificacións dos termos das autorizacións de comercialización de medicamentos para uso humano e medicamentos veterinarios concedidas pola autoridade competente dun Estado membro.	560,01
9.06	Procedemento de validación quinquenal da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica de uso veterinario.	2.100,43
9.07	Presentación de declaración anual simple de intención de comercializar unha especialidade farmacéutica de uso veterinario xa autorizada.	107,76
9.08	Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica de uso veterinario destinada de forma específica a especies menores.	2.286,42.»

Dous. Engádesse un número 4 coa seguinte redacción:

«4. Cando no procedemento de autorización dun produto farmacéutico ou veterinario a solicitude presentada sexa rexeitada na fase de validación, a devolución da taxa será dun 70 por cento do seu importe total.»

Artigo décimo. *Modificación da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.*

Un. Dáselle nova redacción ao encabezamento do número 1 do artigo 67 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, modificado polo artigo 17 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Exportación e importación de vexetais, produtos vexetais e obxectos conexos.»

Dous. Modifícanse as alíneas c) e d) do número 1 do artigo 67 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, nos seguintes termos:

«c) Por probas e controis oficiais previos á exportación establecidos no artigo 12.2:

c.1) Tramitación de solicitudes e realización do primeiro control.

1. Cultivos arbóreos ou arbustivos: 130 euros máis 20 euros/hectárea/variedade.

2. Cultivos non arbóreos ao aire libre: 60 euros máis 15 euros/hectárea/variedade.

3. Cultivos forzados: 80 euros máis 20 euros/hectárea/variedade.

4. Instalacións de cultivos forzados: 100 euros/instalación.

5. Instalacións de empresas de tratamentos de madeira e de embalaxes de madeira, acollidas ás exixencias de normativas comunitarias ou internacionais: 100 euros/instalación.

c.2) Realización do conxunto de probas e controis necesarios distintos dos establecidos no parágrafo c.1.

1. Cultivos arbóreos ou arbustivos: 80 euros máis 20 euros/hectárea/variedade.

2. Cultivos non arbóreos ao aire libre: 80 euros máis 20 euros/hectárea/variedade.

3. Cultivos forzados: 80 euros máis 20 euros/hectárea/variedade.

4. Instalacións de cultivos forzados: 100 euros/instalación.

5. Instalacións de empresas de tratamentos de madeira e embalaxes de madeira, acollidas ás exixencias de normativas comunitarias ou internacionais: 80 euros/instalación/inspección.

A taxa establecida nesta alínea c) non se aplicará durante as tres primeiras campañas de exportación cando se trate da apertura dun novo mercado para un determinado produto e un país concreto. A determinación do produto e o país levarase a efecto en cada caso por orde do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación.

d) Pola inspección fitosanitaria a que se refire o artigo 10.2 para a importación de vexetais, produtos vexetais e obxectos conexos, procedentes de terceiros países, calquera que sexa o seu destino aduaneiro, e cuxa inspección sexa obrigatoria para a introdución en territorio español, establécense as seguintes taxas:

Elementos	Cantidade	Prezo (en euros)
a) Controis documentais.	Por envío	7
b) Controis de identidade.	Por envío	7
	– Até as dimensións dun cargamento de camiión, de vagón de ferrocarril ou dun contedor de volume comparable.	7
	– De maiores dimensións	14
c) Controis fitosanitarios, conforme as especies seguintes:		
– Esgallos, plantas de alcouves (excepto material de reprodución forestal), chantóns de amorodos ou hortalizas.	Por envío	
	– Até 10.000 unidades	17,5
	– Por cada 1.000 unidades adicionais	0,7
	– Prezo máximo	140
– Arbustos, árbores (excepto as árbores de Nadal cortadas), outras plantas leñosas de viveiro incluído o material de reprodución forestal (excepto as sementes).	Por envío	
	– Até 1.000 unidades	17,5
	– Por cada 100 unidades adicionais	0,44
	– Prezo máximo	140
– Bulbos, cormos rizomas, tubérculos destinados á plantación (excepto os das patacas).	Por envío	
	– Até 200 kg de peso	17,5
	– Por cada 10 kg adicionais	0,16
	– Prezo máximo	140
– Sementes, cultivos tisulares.	Por envío	
	– Até 100 kg de peso	17,5
	– Por cada 10 kg adicionais	0,175
	– Prezo máximo	140
– Outros vexetais destinados á súa sementeira non mencionados noutras celas deste cadro.	Por envío	
	– Até 5.000 unidades	17,5
	– Por cada 100 unidades adicionais	0,18
	– Prezo máximo	140
– Flores cortadas.	Por envío	
	– Até 20.000 unidades	17,5
	– Por cada 1.000 unidades adicionais	0,14
	– prezo máximo	140
– Ramas con flores, partes de coníferas (excepto as árbores de Nadal cortadas).	Por envío	
	– Até 100 kg de peso	17,5
	– Por cada 100 kg adicionais	1,75
	– Prezo máximo	140
– Árbores de Nadal cortadas.	Por envío	
	– Até 1.000 unidades	17,5
	– Por cada 100 unidades adicionais	1,75
	– Prezo máximo	140
– Follas de vexetais como as herbas aromáticas, as especias e as hortalizas de folia.	Por envío	
	– Até 100 kg de peso	17,5
	– Por cada 10 kg adicionais	1,75
	– Prezo máximo	140
– Froitas e hortalizas (excepto as de folia).	Por envío	
	– Até 25.000 kg de peso	17,5
	– Por cada 1.000 kg adicionais	0,7
– Tubérculos de patacas.	Por lote	
	– Até 25.000 kg de peso	52,5
	– Por cada 25.000 kg adicionais	52,5
– Madeira (excepto as cascas).	Por envío	
	– Até 100 m ³ de volume	17,5
	– Por cada m ³ adicional	0,175
– Terra e medio de cultivo, cascas.	Por envío	
	– Até 25.000 kg. de peso	17,5
	– Por cada 1.000 kg adicionais	0,7
	– Prezo máximo	140

Elementos	Cantidade	Prezo (en euros)
- Cereais.	Por envío	
	- Até 25.000 kg de peso	17,5
	- Por cada 1.000 kg adicionais	0,7
	- Prezo máximo	
- Outros vexetais ou produtos vexetais non mencionados noutras celas deste cadro	Por envío	17,5

Cando un envío non consista exclusivamente en produtos correspondentes á descrición da entrada pertinente, as partes del que consistan en produtos que se axusten a algunha desas descrições (lote ou lotes) trataranse como envíos separados.»

Artigo décimo primeiro. *Modificación dos puntos 3 e 5 do número 3 «Taxas por reserva do dominio público radioeléctrico» do anexo I da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.*

Un. Modifícase o punto 3 do número 3. «Taxas por reserva do dominio público radioeléctrico» do anexo I da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, que quedará redactado como segue:

«3. A cuantificación dos parámetros anteriores determinarase por Lei de orzamentos xerais do Estado. A redución do parámetro indicado na alínea b) da epígrafe 1 deste número da taxa por reserva do dominio público radioeléctrico que se determinará na Lei de orzamentos xerais do Estado, será de até o 75 por cento do valor do dito coeficiente para as redes e servizos de comunicacións electrónicas que leven consigo obrigas de servizo público dos artigos 22 e 25, números 1 e 2, desta lei, ou para o dominio público destinado á prestación de servizos públicos en xestión directa ou indirecta mediante concesión administrativa.»

Dous. Modifícase o punto 5 do número 3. «Taxas por reserva do dominio público radioeléctrico» do anexo I da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, que quedará redactado como segue:

«5. O importe da taxa deberá ser satisfeito anualmente. Devengarase inicialmente o día do outorgamento do título habilitante para o uso do demanio e posteriormente, o día 1 de xaneiro de cada ano. O ingreso en período voluntario das taxas relativas ás liquidacións iniciais efectuarase nos prazos previstos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, contados a partir da data de recepción da notificación da correspondente liquidación inicial, que se producirá simultaneamente ao outorgamento do título habilitante.»

Artigo décimo segundo. *Taxa por replanteo de liñas límite xurisdicionais.*

Un. A taxa por replanteo de liñas límite xurisdicionais rexerese pola presente lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, modificada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo.

Dous. Constitúe o feito imponible da taxa o desenvolvemento, por parte da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, da actividade de replanteo de liñas límite xurisdicionais de termos municipais con base nos traballos de campo que se realicen para tal efecto, así como na docu-

mentación de actas e cadernos de campo depositados no arquivo do Instituto Xeográfico Nacional, dentro das actividades desenvolvidas no procedemento de deslindamento previsto no Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.

Tres. O devengo da taxa producirase cando se presente a solicitude de prestación dos servizos que constitúen o feito imponible dela, prestación que non se realizará sen que se efectuase o pagamento correspondente mediante ingreso a través das entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria tributaria, conforme as normas establecidas polo Ministerio de Economía e Facenda.

Catro. Serán suxeitos pasivos das taxas os municipios ou entidades locais que soliciten a prestación dos servizos que constitúen o feito imponible dela.

Cinco. A contía da taxa será a obtida pola fórmula:

Taxa (E) = 641,12 + 441,15 K, sendo K a lonxitude (en km) da liña a replantear.

Seis. A actualización da contía desta taxa incluírase na Lei anual de orzamentos xerais do Estado cando así se considere oportuno.

Sete. A xestión da taxa levaraa a cabo a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional do Ministerio de Fomento.

Artigo décimo terceiro. *Taxa pola prestación de servizos de control metrolóxico.*

Un. A taxa por prestación de servizos de control metrolóxico rexerese pola presente lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Dous. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación pola Administración xeral do Estado ou polos organismos públicos dependentes dela, dos servizos de control metrolóxico dos instrumentos, medios e/ou sistemas de medida sometidos ao control, encamiñados ás aprobacións de modelo e os seus adicionais, verificacións primitivas, verificacións CE, verificacións periódicas, verificacións despois de reparación ou modificación; a expedición de certificacións e acreditacións referidas ás súas actuacións metrolóxicas de carácter técnico, a realización de avaliacións e estudos, e a habilitación de laboratorios de verificación primitiva oficialmente autorizados.

Tres. O devengo da taxa producirase cando se presente a solicitude de prestación dos servizos que constitúen o feito imponible dela.

Catro. Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas ou xurídicas e os entes sen personalidade a que se refire o número 4 do artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten a prestación de calquera dos servizos que constitúen o feito imponible dela.

I. Taxa de control metrolóxico.

Taxa de control metrolóxico	Importe Euros
Aprobación de modelo:	
Fita métrica de fibra de vidro e material plástico	1.245,31
Regra ríxida ou semirríxida de metal ou outro material	403,21
Medida mixta de metal con lastre	403,21
Fita métrica de aceiro, a trazos ou mixta, sobre enrolador para medir lonxitudes	1.245,31
Fita métrica de aceiro sobre enrolador	1.245,31
Medida articulada, de metal ou outro material	403,21
Seleccionadora ponderal e totalizadora continua	2.864,06
Células de carga até 20 kg	633,12
Células de carga de 21 kg a 100 kg	954,68
Células de carga de 101 kg a 2.000 kg	1.266,24
Células de carga de 2.001 kg a 50.000 kg	1.909,78
Manómetro industrial con indicación directa por agulla	1.179,99
Manómetro mecánico para pneumáticos	1.111,81
Manovacuómetros e vacuómetros	1.179,99
Manómetro electrónico	5.816,80
Contador eléctrico clase 2 de indución activa. Conexión directa. Monofásico	1.484,96
Contador eléctrico clase 2 de indución activa. Conexión directa. Trifásico	1.838,61
Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, monofásico	2.343,71
Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, trifásico	2.862,79
Contador de auga fría ($Q_{max} \leq m^3/h$). Sen envellecemento para aprobación de modelo	2.053,96
Contador de auga quente ($Q_{max} \leq m^3/h$). Sen envellecemento para aprobación de modelo	2.705,26
Contador de gas de paredes deformables. Tamaño $\leq G40$	1.782,34
Contador de gas de paredes deformables. $G40 < \text{Tamaño} \leq G160$	1.501,69
Contador de gas de pistóns rotativos ou turbina. Tamaño $\leq G40$	1.975,02
Contador de gas de pistóns rotativos ou turbina. $G40 < \text{Tamaño} \leq G160$	1.557,26
Contador de gas de turbina $G60 < \text{Tamaño} G1000$. Presión 1 a 16 bar	2.256,64
Sistema de medida para fornecemento de carburante líquido aos vehículos de motor, bomba e/ou dispensador ($Q = n.^\circ$ de caudais máximos diferentes na aprobación de modelo)	3.261,94+625,29 Q
Sistemas de medida instalados sobre camións cisterna destinados ao transporte por estrada e ao fornecemento de líquidos distintos da auga almacenados á presión atmosférica e con viscosidade $20 \leq mPas$	3.658,30
Sistemas de medida de gases licuados a presión, instalados sobre camións cisterna	3.466,79
Contador volumétrico de combustibles	3.466,79
Etilómetro	2.923,39
Cinemómetro estático sobre vehículos	8.256,16
Cinemómetro estático sobre poste	8.256,16
Cinemómetro móbil	8.256,16
Cinemómetro de bandas	6.792,09
Taxímetro	4.028,88
Analizador de gases de escape	5.087,44
Opacímetro	5.173,96
Sonómetro	2.438,31
Sonómetro integrador promediador	2.955,00
Calibrador sonoro	2.062,82
Aprobación de modelo CE:	
Fita métrica de fibra de vidro e material plástico	1.245,31
Regra ríxida ou semirríxida de metal ou outro material	403,21
Medida mixta de metal con lastre	403,21
Fita métrica de aceiro, a trazos ou mixta, sobre enrolador para medir lonxitudes	1.245,31
Fita métrica de aceiro sobre enrolador	1.245,31
Medida articulada, de metal ou outro material	403,21
Seleccionadora ponderal e totalizadora continua	2.864,06
Contador de auga fría ($Q_{máx} 20 \leq m^3/h$). Sen envellecemento para aprobación de modelo	2.053,96
Contador de auga quente ($q_{máx} \leq 20 m^3/h$). Sen envellecemento para aprobación de modelo	2.705,26
Contador de gas de paredes deformables. Tamaño $\leq G40$	1.782,34
Contador de gas de paredes deformables. $G40 < \text{Tamaño} \leq G160$	1.501,69
Contador de gas de pistóns rotativos ou turbina. Tamaño $\leq G40$	1.975,02
Contador de gas de pistóns rotativos ou turbina. $G40 < \text{Tamaño} \leq G160$	1.557,26
Contador de gas de turbina. $G160 < \text{Tamaño} G1000$. Presión 1 a 16 bar	2.256,64
Sistema de medida para fornecemento de carburante líquido aos vehículos de motor, bomba e/ou dispensador ($Q = n.^\circ$ de caudais máximos diferentes na aprobación de modelo)	3.261,94+625,29 Q
Sistemas de medida instalados sobre camións cisterna destinados ao transporte por estrada e ao fornecemento de líquidos distintos da auga almacenados á presión atmosférica e con viscosidade $\leq 20 mPas$	3.658,30
Sistemas de medida de gases licuados a presión, instalados sobre camións cisterna	3.466,79
Contador volumétrico de combustibles	3.466,79

Taxa de control metrolóxico	Importe - Euros
Aprobación CE de modelo:	
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo de 100 kg	1.919,83
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 100 Kg e ≤ 10.000 kg	2.555,09
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 10.000 kg . .	3.825,89
Aprobación CE de modelo (enfoque modular):	
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 100 kg e ≤ 10.000 kg	383,97
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 10.000 kg . .	782,57
Adicional aprobación CE de modelo:	
Incorporación de módulos certificados nunha aprobación CE de modelo de instrumento de pesaxe de funcionamento non automático	308,96
Incorporación de novas características metrolóxicas, opcións construtivas, electrónicas, etc. nunha aprobación CE de modelo de instrumento de pesaxe de funcionamento non automático, con realización de probas eléctricas	604,94
Incorporación de novas características metrolóxicas, opcións construtivas, electrónicas, etc. nunha aprobación CE de modelo de instrumento de pesaxe de funcionamento non automático, con realización de probas climáticas	604,94
Incorporación de novas características metrolóxicas, opcións construtivas, electrónicas, etc. nunha aprobación CE de modelo de instrumento de pesaxe de funcionamento non automático, con realización de probas eléctricas e climáticas	1.209,87
Incorporación de novas características metrolóxicas, opcións construtivas, electrónicas, etc. nunha aprobación CE de modelo de instrumento de pesaxe de funcionamento non automático, con realización de todas as probas correspondentes á aprobación CE de modelo	1.881,45
Incorporación de novas opcións na aprobación CE de modelo de instrumento de pesaxe de funcionamento non automático, con realización de probas funcionais ou revisións de carácter documental	308,96
Verificación primitiva:	
Fita métrica de fibra de vidro e material plástico	9,23
Regra ríxida ou semirríxida de metal ou outro material	9,16
Medida mixta de metal con lastre	9,16
Fita métrica de aceiro, a trazos ou mixta, sobre enrolador para medir lonxitudes	9,16
Fita métrica de aceiro sobre enrolador	9,16
Medida articulada, de metal ou outro material	9,16
Cinemómetro estático sobre vehículo ou en instalación fixa (1.ª fase)	225,99
Cinemómetro móbil (1.ª fase)	338,61
Cinemómetro estático sobre vehículo, sobre poste ou de bandas, ou en instalación fixa (2.ª fase). . .	140,72
Cinemómetro móbil (2.ª fase)	203,04
Taxímetro	412,61
Contador de auga fría $Q_{máx} \leq 20m^3/h$	254,58
Contador de auga quente $Q_{máx} \leq 20m^3/h$	286,47
Contador de gas	373,34
Sistemas de medida para fornecemento de carburante líquido aos vehículos de motor (bombas), por medidor volumétrico	312,61
Sistemas de medida para fornecemento de carburante líquido aos vehículos de motor, aparello surtidor dispensador (1.ª fase)	155,28
Etilómetro	279,53
Contador eléctrico monofásico de indución activa clase 2	252,81
Contador eléctrico trifásico de indución activa clase 2	305,81
Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, monofásico	273,92
Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, trifásico	326,09
Seleccionadora ponderal e totalizadora continua	253,70
Células de carga até 20 kg	117,04
Células de carga até 21 kg a 100 kg	141,73
Células de carga de 101 kg a 2.000 kg	154,08
Células de carga de 2.001 kg a 50.000 kg	326,92
Manómetro industrial con indicación directa por agulla	21,40
Manómetro mecánico para pneumáticos	21,40
Manovacuómetros e vacuómetros	21,40
Manómetro electrónico	42,80
Analizador de gases de escape	209,71
Opacímetro	215,27
Sonómetro (por nivel de presión sonora ou canal)	197,05

Taxa de control metrolóxico	Importe - Euros
Sonómetro integrador promediador (por nivel de presión sonora ou canal)	272,22
Calibrador sonoro (por nivel de presión sonora ou canal)	163,36
Verificación primitiva CEE:	
Fita métrica de fibra de vidro e material plástico	9,23
Regra ríxida ou semirríxida de metal ou outro material	9,16
Medida mixta de metal con lastre	9,16
Fita métrica de aceiro, a trazos ou mixta, sobre enrolador para medir lonxitudes	9,16
Fita métrica de aceiro sobre enrolador	9,16
Medida articulada, de metal ou outro material	9,16
Contador de auga fría $Q_{m\acute{a}x} \leq 20m^3/h$	254,58
Contador de auga quente $Q_{m\acute{a}x} \leq 20m^3/h$	286,47
Contador de gas	373,34
Sistemas de medida para fornecemento de carburante líquido aos vehículos de motor (bombas), por medidor volumétrico	312,61
Sistema de medida para fornecemento de carburante líquido aos vehículos de motor, bomba ou dispensador (1.ª fase)	155,28
Seleccionadora ponderal e totalizadora continua	253,70
Verificación CE:	
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo de 100 kg	19,20
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 100 kg e 1.000 kg	32,91
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 1.000 kg e 10.000 kg	126,18
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 10.000 kg e 40.000 kg	521,71
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 40.000 kg e 60.000 kg	679,67
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 60.000 kg. . .	908,64
Instrumento de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 50.000 kg con ensaios en máquina de forza por xeometría do dispositivo receptor de carga	436,49
Verificación periódica:	
Manómetro mecánico para pneumáticos	21,40
Manómetro electrónico	42,80
Contador eléctrico monofásico de indución activa clase 2	252,81
Contador eléctrico trifásico de indución activa clase 2	305,81
Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, monofásico	273,92
Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, trifásico	326,09
Sistema de medida para fornecemento de carburante líquido aos vehículos de motor, bomba e/ou dispensador	154,24
Etilómetro	279,53
Cinemómetro estático sobre vehículo	226,47
Cinemómetro estático sobre poste	226,47
Cinemómetro móbil	338,88
Cinemómetro de bandas	226,47
Taxímetro	202,45
Analizador de gases de escape	209,71
Opacímetro	215,27
Sonómetro (por nivel de presión sonora ou canal)	151,44
Sonómetro integrador promediador (por nivel de presión sonora ou canal)	205,16
Calibrador sonoro (por nivel de presión sonora ou canal)	126,35
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo de 100 kg	19,20
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 100 Kg e ≤ 1.000 kg	32,91
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 1.000 kg e ≤ 10.000 kg	126,18
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 10.000 kg e ≤ 40.000 kg	521,71
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 40.000 kg e ≤ 60.000 kg	679,67
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 60.000 kg . . .	908,64
Instrumento de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 50.000 kg con ensaios en máquina de forza por xeometría do dispositivo do receptor de carga	436,49
Verificación despois de reparación ou modificación:	
Manómetro mecánico para pneumáticos	21,40

Taxa de control metrolóxico	Importe - Euros
Manómetro electrónico	42,80
Contador eléctrico monofásico de indución activa clase 2	252,81
Contador eléctrico trifásico de indución activa clase 2	305,81
Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, monofásico	273,92
Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, trifásico	326,09
Sistema de medida para fornecemento de carburante líquido aos vehículos de motor, bomba e/ou dispensador	154,24
Etilómetro	279,53
Cinemómetro estático sobre vehículo ou en instalación fixa	367,65
Cinemómetro móbil	542,56
Taxímetro	202,45
Analizador de gases de escape	209,71
Opacímetro	215,27
Sonómetro (por nivel de presión sonora ou canal)	166,46
Sonómetro integrador promediador (por nivel de presión sonora ou canal)	225,74
Calibrador sonoro (por nivel de presión sonora ou canal)	138,89
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo de 100 kg	19,20
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 100 kg e ≤ 1.000 kg	32,91
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 1.000 kg e ≤ 10.000 kg	126,18
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 10.000 kg e ≤ 40.000 kg	521,71
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 40.000 kg e ≤ 60.000 kg	679,67
Instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo de > 60.000 kg	908,64
Instrumento de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo > 50.000 kg con ensaios en máquina de forza por xeometría do dispositivo receptor de carga	436,49
Certificacións, acreditacións e habilitacións de carácter metrolóxico:	
Inscrición no rexistro de control metrolóxico, cada inscrición	52,86
Habilitación de laboratorios de verificación primitiva, cada habilitación	324,57
Certificación de copias. Cada unidade	3,19
Estudo e avaliación técnica de presunción de conformidade con regulamento técnico, norma ou procedemento legal establecido noutros Estados da UE ou signatarios do AEEU	1.250,58
Declaración de conformidade co modelo (aprobación de sistema de calidade de fabricante)	4.994,22
Control CE (supervisión de sistema de calidade de fabricante)	3.163,00
Adicional á declaración de conformidade co modelo	308,96
Contido do rexistro de control metrolóxico	67,50
Resultados de ensaios e actuacións de carácter técnico en aplicación de regulamentacións	67,50

II. As autorizacións de modificacións non substanciais dun modelo aprobado devengarán o 25 por 100 da taxa para a aprobación de modelo.

III. As autorizacións de prórrogas das aprobacións de modelo realizadas con carácter temporal devengarán o 10 por 100 da taxa para a aprobación de modelo.

IV. As autorizacións de prórrogas das aprobacións CE de modelo realizadas con carácter temporal devengarán o 25 por 100 da taxa establecida para a aprobación CE de modelo.

Cinco. A xestión e liquidación da taxa será efectuada polo Centro Español de Metroloxía nos termos establecidos regulamentariamente, salvo a recadación en vía executiva que corresponde á Axencia Española Estatal de Administración Tributaria.

Artigo décimo cuarto. *Modificación da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.*

Engádesse un número 5 ao artigo 19 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, que terá a seguinte redacción:

«5. As leis de orzamentos xerais do Estado poderán modificar a contía das taxas.»

TÍTULO II

Beneficios fiscais aplicables a determinados acontecementos de excepcional interese público

Artigo décimo quinto. *Beneficios fiscais aplicables a «Salamanca 2005. Praza Maior de Europa».*

1. A celebración de «Salamanca 2005. Praza Maior de Europa» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

2. A duración do programa de apoio a este acontecemento alcanzará desde o 1 de xaneiro de 2005 até o 30 de xuño de 2006.

3. A certificación da adecuación dos gastos e investimentos realizados aos obxectivos e plans do programa será competencia dun consorcio que se creará conforme o disposto no artigo 27.2.b) da citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

4. Realizaranse as actuacións que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e con-

creción en plans e programas de actividades específicas será realizado polo consorcio a que se fixo referencia no número 3.

5. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Artigo décimo sexto. *Modificación da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, en relación ao réxime fiscal do acontecemento «Copa América 2007».*

A disposición adicional trixésimo cuarta da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modifícase nos seguintes termos:

Un. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004, o número seis queda redactado da seguinte maneira:

«Seis. Imposto especial sobre determinados medios de transporte.

A obriga de matriculación en España prevista na disposición adicional primeira da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, non será exigible en relación coas embarcacións e buques de recreo ou de deportes náuticos que utilice no territorio español a organización da XXXII Copa América ou os equipos participantes nesta no desenvolvemento do dito acontecemento. Non obstante, unha vez finalizado o acontecemento será exigible a obriga de matriculación antes referida, unha vez transcorrido o prazo a que fai referencia o primeiro parágrafo da alínea d) do número 1 do artigo 65 da citada lei.»

Dous. Engádesse, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004, un novo número nove co seguinte contido:

«Nove. Non estarán suxeitas ao imposto sobre sucesións e doazóns as adquisicións mortis causa e as cantidades percibidas polos beneficiarios de seguros de vida, cando o habente causa ou beneficiario adquirise a residencia en España como consecuencia do seu desprazamento ao dito territorio con motivo da celebración da XXXII Copa América.

A non suxeición regulada no parágrafo anterior estará vixente até o 31 de decembro de 2007 e poderase acreditar mediante certificación que con tal fin deberá emitir o Consorcio Valencia 2007.»

Artigo décimo sétimo. *Beneficios fiscais aplicables a «Galicia 2005. Volta ao Mundo a Vela».*

1. A celebración de «Galicia 2005. Volta ao Mundo a Vela» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

2. A duración do programa de apoio a este acontecemento alcanzará desde o 1 de xaneiro de 2005 até o 31 de decembro de 2006.

3. A certificación da adecuación dos gastos e investimentos realizados aos obxectivos e plans do programa será competencia dun consorcio que se creará conforme o disposto no artigo 27.2.b) da citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

4. As actuacións que se realicen serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de

actividades específicas será realizado polo consorcio a que se fixo referencia no número 3 deste artigo.

5. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.»

Artigo décimo oitavo. *Beneficios fiscais aplicables ao «IV Centenario do Quixote».*

Modifícase o número 2 da disposición adicional vixésima da Lei 62/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado da seguinte maneira:

«2. A duración do programa de apoio a este acontecemento alcanzará desde o 1 de xaneiro de 2004 até o 30 de xuño de 2006.»

Artigo décimo noveno. *Beneficios fiscais aplicables ao Programa de preparación dos deportistas españois dos xogos de «Pequín 2008».*

1. O Programa de preparación dos deportistas españois dos xogos de «Pequín 2008» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

2. A duración deste programa será do 15 de setembro de 2005 ao 15 de setembro de 2008.

3. A certificación da adecuación dos gastos e investimentos realizados aos obxectivos e plans do programa será competencia dun consorcio que se creará conforme o disposto no artigo 27.2.b) da citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

4. As actuacións a realizar serán as que aseguren unha adecuada preparación técnico-deportiva dos deportistas españois dos xogos de «Pequín 2008». O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo consorcio a que se fixo referencia no número 3 deste artigo.

5. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, a excepción do previsto nos números primeiro a) e b) e terceiro dese artigo.

Artigo vixésimo. *Modificación da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.*

A disposición derradeira primeira da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición derradeira primeira. *Habilitación á Lei de orzamentos xerais do Estado.*

A Lei de orzamentos xerais do Estado, de conformidade co previsto no artigo 134.7 da Constitución española, poderá:

a) Modificar o tipo de gravame das entidades sen fins lucrativos.

b) Modificar as porcentaxes de dedución e os límites cuantitativos para a súa aplicación previstos nesta lei.

c) Determinar os acontecementos de excepcional interese público e regular os extremos a que se refire o número 2 do artigo 27 desta lei.»

Disposición adicional primeira.

Modifícase o número nove do artigo 42 da Lei 13/1996, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que quedará redactado como segue:

«Nove. O importe do recadado por esta taxa formará parte do orzamento de ingresos do ente público Aeroportos Españóis e Navegación Aérea. Non obstante, o 50 por 100 do recadado por esta taxa, ou a porcentaxe que se fixe na Lei de orzamentos, ingresárase no Tesouro público.»

Disposición adicional segunda. *Bens das institucións eclesiásticas.*

Prorrógase por sete anos, a partir da entrada en vigor desta lei, o prazo a que se refire a disposición transitoria primeira da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, en relación coa disposición transitoria quinta da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

Disposición adicional terceira.

Amplíase até o 31 de decembro de 2005 o prazo establecido no parágrafo primeiro da disposición adicional décimo quinta da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

Disposición adicional cuarta. *Taxas aeroportuarias.*

AENA publicará anualmente o custo real dos servizos prestados nos aeroportos. Nesta publicación xustificárase, nos termos anteriores, o principio de equivalencia entre a taxa e o custo do servizo ou actividade que constitúe o seu feito imponible.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan a esta lei e, en particular:

a) Os artigos 55 a 60 da taxa por inscrición catastral do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo.

b) O número 32, «Certificado de seguranza radioelétrica», do anexo do número sete do artigo 12 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificado polo artigo 25.un da Lei 24/2001, do 27 de decembro.

c) O artigo 18 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

d) O artigo 16 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e o artigo 16 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2005.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

21841 REAL DECRETO 2296/2004, do 10 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre mercados de comunicacións electrónicas, acceso ás redes e numeración. («BOE» 314, do 30-12-2004.)

O novo marco europeo regulador das comunicacións electrónicas, dirixido fundamentalmente a consolidar a libre competencia no mercado das telecomunicacións, supón un afondamento nos principios xa consagrados na normativa anterior, entre os que se encontran a introdución de mecanismos correctores que garantan a diversidade na oferta de redes e servizos, a protección dos dereitos dos usuarios e a mínima intervención da Administración no sector, respectando a autonomía das partes nas relacións entre operadores.

A capacidade de elección dos usuarios, como consecuencia directa da concorrencia no sector, traducíuse, así mesmo, por unha mellora dos niveis de calidade dos servizos e por unha redución dos seus prezos. Esta tendencia iniciada na etapa anterior verase reforzada pola entrada en vigor do novo marco regulatorio, do que forma parte este regulamento.

A Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, constitúe o alicerce fundamental da nova regulación das comunicacións electrónicas, tendo en conta que o concepto de «telecomunicacións» inclúe o de «comunicacións electrónicas», cuxo ámbito é máis restrinxido segundo se recolle nas novas disposicións comunitarias. Nela fixéronse os principios básicos que garantan o establecemento dunhas condicións apropiadas para o desenvolvemento do mercado en competencia. Entre outras, defínense os mecanismos para a identificación dos diferentes mercados de referencia e a imposición, en caso necesario, de obrigas específicas aos operadores con poder significativo nestes, e diferéncianse as obrigas relativas aos mercados por xunto e a retalho. Por outra parte, establécense as condicións necesarias para facilitar o acceso e a interconexión das redes públicas de comunicacións electrónicas, como elemento clave para facilitar a actividade dos novos operadores, de forma que os usuarios poidan acceder aos servizos que se presten a través das diferentes redes.

Así mesmo, a lei fixa o marco regulador dos recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación, de forma que a súa utilización polos operadores garanta unha prestación eficaz dos servizos de comunicacións electrónicas. Neste sentido, o Real decreto aproba o Plan nacional de numeración telefónica, cuxo texto se incorpora como anexo.

O regulamento que se aproba mediante este real decreto ten por obxecto o desenvolvemento dos capítulos II, III e IV do título II da lei, e nel desenvólvense todas estas materias, concretando determinados aspectos contidos nas directivas comunitarias correspondentes, en especial, as directivas 2002/19/CE, 2002/20/CE, 2002/21/CE, 2002/22/CE do Parlamento Europeo e do Consello, todas do 7 de marzo de 2002, relativas ao acceso ás redes de comunicacións electrónicas e recursos asociados, e á súa interconexión (Directiva de acceso), á autorización de redes e servizos de comunicacións electrónicas (Directiva de autorización), a un marco regulador común das redes e os servizos de comunicacións electrónicas (Directiva marco) e ao servizo universal e os dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións